



## ECONOMÍA

### POR QUE ESTUDAR ECONOMIA?

Posto que a economía está presente en todos os aspectos da nosa vida cotiá, esta materia pretende que o alumnado chegue a coñecer as regras básicas que determinan os acontecementos económicos que lles rodean e a linguaxe específica empregado polos economistas e medios de comunicación para analizalos. O obxectivo, por tanto, é conseguir que se transformen en cidadáns informados, críticos e responsables que valoren e leven a efecto unha boa administración tanto dos seus recursos como dos da súa comunidade ou país.

Trátase dunha disciplina cunha gran transcendencia social, xa que o seu coñecemento contribúe a fomentar a mellora na calidade de vida, o progreso e o benestar social. A meta é que o alumnado chegue a comprender mellor todos os aspectos que os van a acompañar ao longo de toda a súa vida persoal e laboral, como axentes económicos e como cidadáns. É unha materia crave no campo das ciencias sociais e está orientada tanto á universidade, como cara a diferentes ciclos formativos.

Graos relacionados: Economía, ADE, Empresariais, Dereito, Finanzas, Relacións Laborais, Recursos Humanos, Comercio, Marketing, Turismo, Ciencias Políticas, Contabilidade e Finanzas, e outros como as Enxeñerías, Xornalismo, Comunicación Audiovisual... onde a economía forma parte do plan de estudos e nas que ao terminar a carreira pódense desenvolver funcións directivas que precisan posuír coñecementos e formación económica.

Ciclos Formativos relacionados: Todos os da rama de Administración: Administración e Xestión, Administración e Finanzas, Comercio e Marketing, Turismo...

### QUE SE ESTUDA EN ECONOMIA EN 1º DE BACHARELATO?

Se escoitas as noticias ou les o xornal soaranche termos como “prima de risco”, “déficit público”, “crise”, “taxa de paro”, “inflación”, “tipo de cambio”, “mercado de valores”, pero...

saberías dicir que son? Na materia de Economía aprenderás a coñecer o seu significado, pero ademais tamén poderás responder a cuestións como:



Como funcionan os mercados? Que ocorrería se deixásemos de pagar impostos? Cal é a orixe da Unión Europea? Sabías que o diñeiro non son só os billetes e moedas que levas no peto? Por que uns países especialízanse en vender coches e outros petróleo? Que é a crise? Que é a demanda dun ben? E a oferta? Que ocorre cando ambas coinciden?

Que diferenza hai entre poboación activa e poboación ocupada? Por que nuns países é máis importante o sector primario e noutros o terciario?

### **QUE SE ESTUDA EN ECONOMIA EN 2º DE BACHARELATO?**

Unha vez que xa comprendes que sucede nos mercados, quizais che interese saber como funciona unha empresa, incluso que hai que facer para ter a túa propia empresa. Por iso, a través desta materia resolveremos cuestións como:

Que tarefas desenvólvense nunha empresa? Como elixen os empresarios que produtos e a que prezo van vender? Que é o márketing? Como calculan as empresas os seus beneficios?

Que tipos de empresas hai? Como obteñen as empresas financiamento para investir nunha actividade produtiva? Con que frecuencia deben comprar as empresas as súas materias primas? Cando unha empresa vai investir diñeiro en comprar unha máquina, que debe facer se non ten suficiente diñeiro? Como sabe se será beneficioso adquirir esa máquina? Como pode calcular se coas vendas que terá gañará suficiente diñeiro para devolver un préstamo ao banco?



## LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

Esta materia pretende dotar ao alumn@ de distintos recursos que lle permitan adquirir un nivel básico de lectura e escritura musical dende distintos ámbitos:

- ✚ Mediante a práctica vogal e instrumental.
- ✚ Utilizando de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como editores de partituras e recursos para a aplicación audiovisuais, ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación do feito musical.
- ✚ Mediante a expresión corporal e a danza.
- ✚ A través da audición comprensiva de distintos tipos de música.

Sempre que as circunstancias sociais o permitan, tentaremos asistir a eventos de espectáculos e concertos. Este tipo de actividades axudarános a entender o feito musical de maneira directa , así como de relacionar a música co resto das artes, obtendo unha visión estética máis ampla e interdisciplinar.

Asemade, intentarásese que gran parte do material traballado nas clases sirva para organizar distintos eventos en colaboración con outros departamentos. Tamén é posible participar en encontros musicais con outros centros .



## HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

O temario abrangue o período histórico que inicia na segunda metade do XVIII e chega ata a actualidade:

- + Iníciase cunha **visión global do Antigo Réxime**.
- + Estúdanse as **transformacións económicas** (industrialización), demográficas (crecemento da poboación e migracións), **sociais** (sociedade de clases, movemento obreiro...), **ideolóxicas** (liberalismo, socialismo, anarquismo) e **políticas** (creación dos estados liberais, nacionalismo, imperialismo) **do século XIX**.
- + Estúdanse **os grandes feitos do século XX**: Primeira Guerra Mundial, a Revolución rusa, o crac do 29 e a Gran Depresión, o xurdimento dos sistemas fascistas, a Segunda Guerra Mundial, a Guerra Fría...

En definitiva, afóndase nos contidos vistos en 4º de ESO, pero sen desenvolver os temas referidos á historia de España, que corresponden a 2º de Bacharelato. O coñecemento da Historia Contemporánea é imprescindible para entender a complexidade do presente e ter unha opinión formada da mesma que nos faga críticos e menos manexables ante o torrente de información que se recibe por diversos medios.

**Os coñecementos teóricos** non son só memorísticos, **hai que aplicalos en comentarios e composición de textos, análise de mapas históricos, interpretación de caricaturas ou fotografías, de gráficas, etc.**



## TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (TIC)

Esta materia, en ambos os dous niveis, desenvólvese na aula de informática.

O principal obxectivo destas materias é aprender a utilizar os recursos informáticos. Por un lado, o manexo de todo tipo de programas e aplicacións informáticas, creación de blogs, deseño de páxinas web, desenvolvemento de aplicacións multimedia, programación informática... E por outro lado, o coñecemento dos compoñentes internos dos equipos e a súa montaxe e a instalación dos periféricos.

Na actualidade as TICS son unha ferramenta necesaria en todas as disciplinas.



## LITERATURA UNIVERSAL

Esta materia **permite**:

- ✚ coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución;
- ✚ desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural;
- ✚ consolidar unha madurez persoal e social que permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o espírito crítico;
- ✚ fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación;
- ✚ utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

### CONTIDOS:

- ✚ a historia de literatura universal desde a antigüidade ata o século XX, destacando os principais fitos, os máis importantes creadores literarios e as súas aportacións;
- ✚ lecturas de tres obras literarias pertencentes a distintas etapas e a diferentes xéneros;
- ✚ lecturas e comentarios literarios continuos durante o curso que permiten acadar madurez e autonomía, que favorecen o mellor desenvolvemento da materia de Lingua Castelá e Literatura tanto en 1º de Bacharelato como, sobre todo, en 2º de Bacharelato;
- ✚ a evolución e as relacións entre xéneros literarios, o estudo histórico e comparado de tópicos e temas;
- ✚ as relacións entre literatura e outras artes (cine, música, pintura...).



### **INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN:**

- ✚ exposicións orais sobre temas do currículo, para as que deberán consultarse fontes de información diversa, utilizando as tecnoloxías da información;
- ✚ probas trimestrais de comprensión lectora;
- ✚ actividades de expresión escrita tales como resumos, comentarios literarios, textos expositivos sobre un tema dado...;
- ✚ un traballo de investigación sobre un tema do currículo;
- ✚ probas obxectivas ou exames trimestrais.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

- ✚ 50% para os exames que incluirán sempre comentario literario;
- ✚ 25% para diferentes probas programadas trimestralmente: comentario literario; exposición oral; traballo de investigación;
- ✚ 25% para a proba de lectura trimestral, que incluirá o desenvolvemento dun ou varios temas e un comentario de texto.



## REFORZO DE INGLÉS

### XUSTIFICACIÓN

A nosa proposta consiste no reforzo dos contidos da programación xeral de 1º de Bacharelato facendo especial fincapé na parte práctica dos mesmos e afondando naqueles aspectos que presenten mais complexidade aos alumnos, ben sexa a nivel gramatical, de vocabulario ou na práctica das distintas destrezas.

A principio de curso farase unha avaliación diagnóstica e , dese xeito, coñecer si o grupo de alumnos/as precisa un reforzo en canto aos contidos básicos na materia, o , si se pode facer unha ampliación dos mesmos.

### OBXECTIVOS

- ✚ Comprender o sentido xeral, a información específica e os detalles necesarios de textos orais transmitidos en situacións cara a cara ou por medios técnicos, emitidos nunha lingua estándar e que traten temas habituais vinculados coa vida persoal e social e as distintas disciplinas do currículo.
- ✚ Producir textos orais coherentes e adecuados a distintas situacións de comunicación propias da idade e do nivel académico de estudos, con razoable fluidez e corrección, asegurando na interacción e a eficacia comunicativa dos discursos emitidos.
- ✚ Escribir, en soportes variados, diversos tipos de textos sinxelos, ben organizados e con razoable corrección lingüística e formal, sobre temas próximos e con distintos propósitos comunicativos.
- ✚ Comprender textos escritos en lingua estándar, tanto en rexistro formal como familiar, que aborden unha temática xeral ou relacionados co ámbito académico propios da idade e do nivel de estudos.
- ✚ Ler de forma autónoma textos xornalísticos, de divulgación científica e literarios, seleccionando a estratexia de lectura apropiada ao propósito da lectura e valorando esta como fonte de información, coñecemento e lecer.





- ✚ Utilizar e valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio para acceder á información e a outros coñecementos e culturas, e recoñecer a súa importancia como medio de comunicación e entendemento internacional nun mundo multicultural e plurilingüe.
- ✚ Coñecer os trazos sociais e culturais fundamentais dos países en que se fala a lingua estranxeira tomando conciencia das similitudes e diferenzas entre estes e os propios, e evitando toda discriminación e estereotipos culturais e lingüísticos.
- ✚ Utilizar a mediación entre persoas que non poden entenderse para facilitar que a comunicación se realice sen malentendidos e mellorar a comprensión intercultural.
- ✚ Saber planificar a propia aprendizaxe e adoptar unha postura activa e responsable dela, utilizando recursos, como as tecnoloxías da información e da comunicación, e estratexias para mellorar o desenvolvemento da competencia comunicativa e poder guiar a aprendizaxe de forma consciente dentro e fóra da aula.
- ✚ Afianzar estratexias de autoavaliación na adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira amosando neste proceso actitudes de iniciativa, confianza e responsabilidade.



## MATEMÁTICAS

- ✚ O alumnado do Bacharelato Científico – Tecnolóxico ten que estudar obrigatoriamente Matemáticas en ambos curso de bacharelato (MAT I en 1º de bacharelato e MAT II en 2º de bacharelato)
- ✚ O alumnado do Bacharelato de Ciencias Sociais ten que estudar obrigatoriamente Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais en ambos curso de bacharelato (MAT I CCSS en 1º de bacharelato e MAT II CCSS en 2º de bacharelato)
- ✚ O alumnado do Bacharelato de Humanidades non pode estudar matemáticas
- ✚ Tanto MAT como MAT CCSS son de dificultade semellante e comparten moitos dos contidos. Pero o certo é que a esixencia en MAT II é superior á de MAT II CCSS, tanto no bacharelato como logo nas probas de acceso á universidade (ABAU).
- ✚ Ambas materias son de 4 horas semanais en cada curso.

<b>Matemáticas (MAT I e MAT II)</b>	<b>Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais ( MAT I CCSS e MAT II CCSS)</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Orientadas a calquera grado de ciencias ou tecnoloxía</li> <li>○ Inclúen un bloque de contidos relacionado coa xeometría (trigonometría e xeometría do espazo)</li> <li>○ O bloque de Probabilidade e Estatística <b>é máis reducido</b> que en MAT I CCSS e MAT II CCSS</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Orientadas a calquera grado das Ciencias Sociais</li> <li>○ Non inclúe o bloque de xeometría</li> <li>○ O bloque de Probabilidade e Estatística <b>é máis amplo</b> que en MAT I e MAT II</li> </ul>

- ✚ Pódese consultar o currículo detallado das diferentes materias en <http://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/bacharelato/materias/to>